

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2018 – 2019

9 de novembro de 2018

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da responsable de calidade e da coordinadora de calidade.
3. Análise dos criterios para favorecer a participación dos distintos colectivos nas enquisas de avaliación dos títulos do centro no presente curso.
4. Análise e propostas de modificación, se procede, do memorandun (borrador) elaborado pola Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica: participación e formulacións dos cuestionarios de calidade dos diferentes grupos de interese, que sería de aplicación a partir do vindeiro curso académico.
5. Proposta de inclusión entre as accións de mellora do vindeiro curso da habilitación dun espazo para a comida do alumnado.
6. Outros asuntos de interese, se os houbera.

Acordos:

- Apróbase a acta do 3 de abril de 2018.
- Achéganse propostas para favorecer a participación dos e das estudantes nas enquisas de avaliación da docencia, entre elas a de indicar ao profesorado que facilite uns minutos das clases para que poidan cubrilas.
- Apróbase solicitar ás áreas de coñecemento (PDI) e á representación do estudantado que acheguen propostas para favorecer a participación dos grupos de interese nas enquisas, de cara á súa discusión e selección na CCC para o seu posterior traslado á Vicerreitoría con competencias.
- Apróbase incorporar como acción de mellora en materia de espazos e infraestrutura a ampliación do cuarto de microondas para que poida servir tamén como comedor para os/as estudantes.

17 de xaneiro de 2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da responsable de calidade.
3. Organización do traballo de seguimento e elaboración da Memoria de Calidade do curso 2017-18.
4. Outros asuntos de interese, se os houbera.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión da Comisión de 9 de novembro de 2018.
- Apróbase o cronograma e modo de organización do traballo para elaborar a Memoria de Calidade do Centro, 2017-18.

4 de abril de 2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da responsable de calidade.
3. Revisión e aprobación, se procede, do borrador da Memoria de Calidade do curso 2017-18.
4. Outros asuntos de interese, se os houbera.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión da Comisión de 17 de xaneiro de 2019.
- Apróbase a Memoria de Calidade do Centro do curso 2017-18.